



# ATLANTICA

festival internacional de narración oral

**1-7 XULLO, 2024**

**un mar de contos por toda Galicia**


# 30 SEDES

## GALICIA

SANTIAGO DE COMPOSTELA  
FERROL  
TEO  
A CORUÑA  
A ESTRADA  
A POBRA DO CARAMIÑAL  
ALFOZ  
BETANZOS  
BRIÓN  
CALDAS DE REIS  
CHANTADA  
CUNTIS  
DODRO  
LOBIOS  
MEAS  
MUGARDOS  
OURENSE  
OUTES  
PALAS DE REI  
PAZOS DE BORBÉN  
RIBEIRA  
ROIS  
SANXENXO  
VIGO  
VILALBA

## PORTUGAL

CAMPO DE GERÊS  
FAFIÃO  
PARADELA DO RÍO  
PITÕES DAS JÚNIAS  
VILANOVA (FERRAL)



# 50 ARTISTAS

BRASIL | PORTUGAL ITALIA | XAPÓN | CUBA  
SALAMANCA | ZAMORA | GALICIA

|                                |                                |
|--------------------------------|--------------------------------|
| ALBA BERMÚDEZ                  | JOSÉ LUIS GUTIÉRREZ "DON GUTI" |
| ALBA GRANDE                    | JOSÉ MARÍA EGUILETA            |
| AMOR HERRERA                   | LUÍS IGLESIAS                  |
| ANA SOFÍA PAIVA                | LUÍS PREGO                     |
| ANXO MOURE                     | MANUEL GAGO                    |
| ATENEA GARCÍA                  | MARÍA DA PONTRAGHA             |
| AVELINO GONZÁLEZ               | PABLÍSIMO                      |
| BEA CAMPOS                     | PACO NOGUEIRAS                 |
| CÁNDIDO PAZÓ                   | PAKOLAS                        |
| CARME VARELA                   | PAULA CARBALLEIRA              |
| CAROLA CASAL                   | PAVÍS PAVÓS                    |
| CAXOTO                         | QUICO CADAVAL                  |
| CELSO FERNÁNDEZ SANMARTÍN      | RAMIRO NEIRA                   |
| CHARO PITA                     | RAQUEL QUEIZÁS                 |
| CLAUDIA FONSECA                | SAMUEL SOTO                    |
| CRIS COLLAZO                   | SANTI CRIBEIRO                 |
| CRIS DE CALDAS                 | SIMONE NEGRIN                  |
| DANI BLANCO                    | SOFÍA MAUL                     |
| ESTEFÂNIA SURREIRA             | SOLEDAD FELLOZA                |
| FERNANDO SALDAÑA               | SU GARRIDO POMBO               |
| GUILLERMO LLORCA               | VERO RILO                      |
| INACIO VILARIÑO                | VITOR FERNÁNDEZ                |
| INMA SOTO                      | XABI DO CAMIÑO                 |
| ISEO AGILDA                    | YOSHI HIOKI                    |
| JAIME SANTOS [LA CHANA TEATRO] | ZÉ PUMAR                       |





Atriz, autora, investigadora de contos populares e mitoloxías do mundo, poesía, música e cancionero tradicional, narración e performance oral escénica.

Atriz, mediadora cultural e investigadora licenciada en teatro pola ESTC e posgraduada en Promoción e Mediación da Lectura pola UAlg. Dedicase desde 2008 á recolla, investigación e narración de contos de tradición oral dentro e fóra de Portugal, representando o seu país en diversos encontros internacionais por toda a Europa, Irán (vencedora da categoría "Best International Storyteller"), Cabo Verde, Canarias, América do Sur e EUA. É investigadora do IELT da UNL-FCSH, do Arquivo do Conto Tradicional Portugués e da cooperativa Memoria Imaterial CRL.

## **CONTOS, CANTOS E OUTROS TANTOS | Adultos**

Narrativas, cancións e mitoloxías do mundo

Levo historias da tradición oral do imaginario portugués con liberdades doutras partes do mundo, contos, lendas, novelas e cantigas que fun escoitando a varias voces. Canto porque escoitei e conto porque hai quen escoite. Levo un camiño pensado, un repertorio definido, mais concéntrome no exercicio de adaptar a miña fala a cada oído. Prepárome para estar á altura do efémero, dese momento único en que estaremos fronte a fronte, voz e oídos, para construír a ponte que atravesaremos xuntos. É para iso que ouvimos e contamos: para ser, estar, coidar, sandar e crear, palabra a palabra, a nosa narrativa humana.

## **UNHA, DUNA | Infantil**

Contos que cantan, cantigas que contan e se poden contar: trabalinguas, arengas, improprios, tolemias. Palabras que dan graza, que dan colo, que son a música, o alento e que traen alí dentro, quen sabe, os misterios do mundo.

---

---

# FERNANDO SALDAÑA

## SALAMANCA



Fernando Saldaña é, ante todo, e sobre todo, contacontos. Tamén é mago, actor, director de teatro, ilustrador e humorista gráfico. Saldaña ten traballado na radio e en televisións locais, foi deseñador gráfico, locutor, profesor de circo e de programas informáticos... Pero o que máis lle gusta é contar historias. A todos. Para todas as idades: desde os bebés ata os que hai tempo que chegaron aos cen.

Nos seus cofres, baúis e maletas ten contos gardados para todos e cada un. Saldaña asenta a narración nos obxectos cotiáns, nos xogos de maxia, en bonecos e monicreques, no seu corpo e na súa voz, para que o espectador viva cada unha das súas palabras, como el as goza cando sobe a un escenario ou se coloca diante do seu público nunha escola, biblioteca, xardín ou praza.

### **ROBINSÓN E O SEU LORO | Infantil (3-5 anos)**

Un espectáculo no que se narra a historia dun mariñeiro que se enfrenta a unha terrible treboada que o fai afundir. Logo do naufraxio chega a unha illa na que atopa un loro que o axudará a volver á casa.

Espectáculo con descontextualización de obxectos e algún xogo de maxia baseado en *El loro de Robinson* de Antonio A. Gómez.

---

---

# JOSÉ LUIS GUTIÉRREZ 'DON GUTI' ZAMORA



'Guti' é gaitero, cantador, bailarín e sobre todo contador de historias. Realizou un inmenso labor de compilación etnográfica en longos seráns de cociña e serano, en vilas de Zamora, León e Salamanca. O seu traballo céntrase no uso de materiais recollidos directamente de narradores tradicionais, na súa maior parte anciás e anciáns do mundo rural. Traballou principalmente na contorna rural intentando dalgunha maneira restablecer a cadea de comunicación-transmisión da cultura oral rota pola condena dos anciáns ao silencio nunha sociedade dominada polo que se repite dende o televisor.

É habitual dos festivais de narración e colaborador en traballos discográficos de grupos como Mayalde, Bajo Duero ou La Ronda de Motilleja. Dirixiu unha morea de espectáculos sobre a tradición, publicou artigos relacionados coa etnografía en revistas como El Filandar e colaborou en moitas publicacións especializadas. Polo seu espectáculo A pelo recibiu no 2015 o Premio de Interpretación Masculina na XII Edición dos Premios Moretti de Teatro.

## HISTORIAS DE FILANDAR | Adultos

Neste espectáculo o romance e o conto tradicional vanse zarrapicando da xeografía, da vida das cociñas, dos traballos do campo, das historias de vida de cada informante, e de cada vella que entra e sae do escenario da man deste zamorano. Funciona como un exercicio de agradecemento a quen lle regalou o testemuño dun mundo oral, e aspira a ser, para quen escoita, unha volta ao tempo feliz no que a palabra do vello era necesaria.

---

# JAIME SANTOS [LA CHANA TEATRO]



## SALAMANCA



La Chana Teatro, fundada en 1987 por Aurea Pérez e Jaime Santos, é un dos grandes referentes da escena salmantina. Conta con múltiples espectáculos ás súas costas e moitos máis kilometros, pois viaxaron por toda a xeografía española e Brasil, Francia, Bélxica, Portugal, Níxer, Marrocos, Suíza, Colombia e Israel. Ao longo destes anos atoparon unha forma propia de contar historias, pero tendo sempre como protagonistas ao obxecto, a palabra, o espazo e a interpretación. A crítica especializada salientou o seu traballo pola a sinxeleza escénica, a calidade dos textos e a intelixencia na posta en escena.

### **VULGARCITO | Infantil e familiar**

Había unha vez unha princesa triste que vivía nun reino triste. O reino era triste porque a princesa estaba triste. Desde a súa xanela triste podía ver un mar triste e unha aldeña triste, a única aldeña que quedaba xa no triste reino. Entre as súas casiñas tristes destacaba unha especialmente triste, cun armario triste, unha mesa triste e unha cama triste na que durmía un neno... vulgar, vulgarcito.

Nin triste nin mandangas, vulgarcito. E con pan ou sen pan, chamábase Juan.

### **BLANCANIEVES | Infantil e familiar**

Un espectáculo luminoso celebrado pola crítica e o público no que a terrorífica historia de Blancanieves cóntase desde o verso e desde o humor que nace das situacións máis desgraciadas. Blancanieves, a luz máis refulxente, é odiada e enxexada pola súa madrastra, unha fermosa lámpada cuxa beleza está baleira, pois nin sequera emite luz. E alí onde habita a luz, atópase a beleza que encandea de verdade ás almas nobres. E é que a beleza é invisible aos ollos.

Premio Max ao mellor espectáculo para público infantil, xuvenil ou familiar (2023).

### **PISANDO EL LLANO | Público adulto | 60 min**

Jaime Santos dirixe e protagoniza o monólogo 'Pisando el Llano', inspirado no libro de relatos de Juan Rulfo 'El Llano en llamas'. Os textos tomáronse sen adorno, masticando o seu verbo cunha nudez absoluta. Non hai máis nada que Rulfo, unha cadeira e un home sentado deixando que flúa a dor, mantendo o equilibrio nun arame de espinos. Só voz, só palabra sen concesión.

---

# SIMONE NEGRIN

# ITALIA



Agromado e criado en Italia, curtido e adobado en Galicia, agora enlatado en Madrid, Simone Negrin é un raro exemplar de italiano con acento galego. Foi actor, director, guionista, presentador, improvisador, árbitro de fútbol e ensinante de xesticulación italiana.

## **CRIMES EN CARPACCIO | Público adulto**

Un agradable paseo polo crime gozando dos seus diferentes matices segundo as épocas, as modalidades e os lugares en que se practica. Presentado por un experto no tema debido á súa procedencia italiana, a súa experiencia vital en Galicia e a súa residencia actual en Madrid.

---



---

# YOSHI HIOKI

# XAPÓN



Narrador residente en Barcelona desde 1991, Yoshi Hioki dedícase a contar contos populares, mitos, lendas e historias literarias de todos os tempos do seu país, Xapón. Cunha traxectoria profesional de máis de vinte anos, foi convidado aos principais festivais de narración oral nacionais e internacionais e presentou os seus espectáculos en lugares como o Teatro Español de Madrid, o Teatro Nacional de Costa Rica, o Teatro Peruano Xaponés de Lima (Perú), etc.

Licenciado na facultade de Belas Artes da Universidade de Barcelona, Yoshi Hioki sente como complementarias as súas actividades narrativas e pictóricas: "Neve, choiva e unha flor de camelia... Os contos xaponeses son pinturas feitas polas palabras e o silencio. Pinturas que reflicten a ledicia e a tristura da vida mesma".

## **A PRINCESA ANZÚ E OS CATRO IRMÁNS NINJA | Público familiar (+5 anos)**

Un conto sobre unha bela princesa chamada Anzú, a máis poderosa e talentosa de todos os ninjas da súa vila. A esta tan singular princesa acompañaranlle catro irmáns: todos eles tamén uns ninjas cualificados e posuidores duns peculiares títulos.

## **CONTOS DE XAPÓN | Público adulto**

Dos arrozais á corte imperial, de animais, de monstros, de deuses... estes contos e lendas do país do sol nacente contados polo narrador Yoshi Hioki producirán un lene murmurio no corazón de quen os escoite como a música dunha delicada choiva caendo sobre un bosque de bambú.

## **MUKASHI MUKASHI | Público familiar (+8 anos)**

Os contos tradicionais de Xapón comezan sempre con esta frase: "Mukashi mukashi..." que sería como "Era unha vez...". E así será en cada un dos contos que vos contará Yoshi Hioki, narrador xaponés que trae varias historias do seu país con diferentes temáticas e personaxes: de animais, de paxaros, de monstros, dos bosques de bambú e de pantasmas...

Un espectáculo de contos no que o público non só escoitará as historias, senón que tamén coñecerá os costumes e cancións do país do extremo oriente.

---



Galeatro, a primeira compañía de teatro profesional de Carballo, foi fundada por Alba Bermúdez e Tone Martínez e está especializada no público familiar. A súa liña de traballo esténdese desde a formación artística ata a produción de espectáculos de pequeno e gran formato.

Algunhas das súas pezas son *Comechíns*, *segundo prato*, *Entre bechos anda o conto*, *Muiñada* ou *Carabela*. No 2022 Galeatro estreou o seu primeiro espectáculo para público adulto en coprodución co Centro Dramático Galego *Arte sen guión*, unha especulación escénica de como podería ter sido o teatro medieval en lingua galega.

No eido da formación, Galeatro está presente en escolas de teatro de Bergondo, Carballo, Coruña, Oleiros e Ordes e o seu alumnado supera a cifra de 200. Galeatro naceu coa vontade de promover a creación escénica contemporánea en lingua galega, contando para iso con dramaturgos e dramaturgas galegas vivas. Proba disto son os seus espectáculos de sala *Muiñada* de Ana Carreira e *Carabela* e *Wombo Combo* de Paula Carballeira.

### AS AVENTURAS DE MARIÑA | Público familiar (+3 anos) | 40 min

Mariña é unha nena á que lle gusta moito o mar e os animais que nel habitan. Tódalas tardes mergúllase na auga para xogar cos peixes. Hai un que é moi especial. Chámase Xarda. Un peixe que fala e que lle conta historias sobre como é a vida mariña e tamén sobre os seus perigos.

A loita contra a contaminación, a amizade e o respecto son temas que están presentes en *As aventuras de Mariña*. Unha sesión de contos que combina a narración oral e o teatro de monicreques.



Son Alba Grande e nos últimos anos identifícanme tamén como Alba de Vales, nome artístico co cal descubro un percorrido en solitario como xograresa, a través de diversas artísticas. Son actriz e monicrequeira para outras compañías escénicas e formo parte das asociacións NOGA e UNIMA e ALDEAR. Son formadora en artes escénicas. Adícome a facer teatro e a comprender a escena dende a miña adolescencia. Estudei fóra, formándome en interpretación xestual no Institut del Teatre e en distintas técnicas das artes populares da escena.

Hoxe, a miña vocación como muller escénica e ao tempo muller rural, é a de cooperar tecendo comunidade a través da oralidade, o teatro e a escoita participativa. E apoiar as iniciativas que dan soporte ao intercambio de saberes, ao tecido comunitario e ao coidado do medio ambiente.

## **MEMORIA E RELATO DOS OBOECTOS | Obradoiro de memoria | Adultos (+14 anos)**

Neste obradoiro compartiremos as lembranzas propias que nos distinguen e nos unen, a través do relato da memoria dos obxectos, que traen eles mesmos para contar. Inspirado no teatro de obxectos, nos valores humano e comunitario da tradición oral, usándoa como ferramenta e combinando a proposta creativa coa escritura e a narración oral.

O obxectos cotiáns ou o extraordinarios detonan historias, revelan ás memorias e a fantasía, da que tamén están formados os soños, a literatura e ata os recordos. Este é un obradoiro que funciona porque incita a recrearse no tecido humano, creativo e sensible, poñendo en común a nosa literatura, memoria e as nosas culturas, co teatro dos nosos obxectos.

---



Nado en Chantada o 28 de decembro de 1963, é un escritor e contacontos galego. Contacontos dende 1989 e barqueiro da A.C. Barcas do Miño con experiencia de 25 anos no manexo de embarcacións tradicionais e con actuacións no Miño e no Cabe, no Ulla e mais no mar da Illa de Arousa. As súas actividades son cómicas e divulgativas, enmarcadas no ecoloxismo e o ecopacifismo. Impulsou a creación do Cinema Palleiriso na aldea de Garabelos, na parroquia de Mariz.

## CONTOS DENDE A FRAGA | Infantil

Anxo Moure convidávos a escoitar contos e historias que nos axudan a coñecer e coidar dos bosques. Historias da "Sobreira Tecedeira", do "Tío Teixo", das "Árbores da paz", do "Caramulo e a carpinteira dos soños"... Unha viaxe, dende o alto das árbores, ata aos espazos naturais da Galiza: Courel, Ancares, Fragas do Eume.... Nesta viaxe a cativada e as súas familias coñecen a problemática dos bosques, limpan o lixo, loitan contra o trasno do lume, falan por "piñáfono móbil", cociñan o vento e reciben a música das árbores da man dun peitoque de madeira de teixo.



FOTO: CARLOTA MOSQUERA

Atenea García é actriz e creadora escénica. Titulouse en Arte Dramática pola ESAD de Galicia no ano 2010. Durante os anos 2011 e 2012 viviu na cidade de Bos Aires; onde ampliou a súa formación no ámbito vocal e interpretativo con mestras como Jessica Pinkus ou Ignacio Monna. Trala súa volta a Galicia traballou como actriz no Colectivo Avoayouja formando parte de varias das súas montaxes.

No ano 2015 fundou co músico Nicolás Zamorano a compañía Xarope Tulú, adicada ao público infantil e xuvenil ademais de comezar a súa andaina como narradora oral labor que segue a desenvolver na actualidade. Desde o ano 2017 colabora como performer co colectivo Blanco&Roja e coa artista Alba Blanco. No ano 2019 traballou como actriz na montaxe Galego, *Neorretranca e posmorriña* do Centro Dramático. Ademais, neste mesmo ano pasa a formar parte da compañía Baobab Teatro protagonizando o espectáculo *Mai Mai*. Tamén estreou, dentro do marco de Xarope Tulú, o primeiro espectáculo para o público adulto da compañía, *De ti e mailo mundo que apañes*, baseado na obra poética de Xela Arias.

### VICIO HOUBO SEMPRE | Público adulto | 60 min

**Vicio:** Hábito ou costume de actuar de maneira contraria á moral ou ás normas sociais establecidas.

Os últimos anos Atenea García estivo recollendo historias de vida de mulleres de máis de 85 anos que moitas veces remataban falando de pracer e de sexualidade. A primeira conversa naceu cunha frase: "Vicio houbo sempre, gracias a Dios!" E logo seguíronlle outras tantas: "Eu nacín moi cedo", "Iso antes non che era así" ou "Aí se fora hoxe...". Así as mulleres foron falándolle de todas esas cousas supostamente prohibidas e deixando entrever que aquilo de chegar virxe ao casamento pasaba ás veces pero outras non, que sempre houbo vida nas marxes! Atenea recolleu as súas historias e preséntaas nesta proposta de narración oral para adultas.

---

# AVELINO GONZÁLEZ

## GALICIA



É actor, contador, tradutor e director. Traballou en teatro, televisión, cine e bares. En compañías como Ollomoltranvía, en espectáculos como *Commedia*, en películas como *Heroína* ou *Gallego*, en series de televisión como *Padre Casares*, *Cuéntame*, *Hospital Central...* e o seu labor teatral foi recoñecido con varios Premios María Casares.

Cos contos xa percorreu Europa (Polonia, Alemaña, Suíza...) saltou o Atlántico (Cuba), e toda a península. Fixo dous espectáculos de contos para teatros. Un deles, *Vento mareiro*, foi o máis representado en Galicia no 2005 e recibiu o Premio María Casares á Mellor Música Orixinal.

Avelino González pódese atopar en teatros ou bares, na gran pantalla e na pequena (a da tele, e tamén a do ordenador). Pode parecer moita cousa e moi distinta pero en realidade é a mesma cousa: contar ou axudar a contar as de outros en distintos formatos.

### CANTO CONTO TEMOS!

En todas partes pasan cousas que merecen ser contadas. Algunhas son pequeniñas, outras dan para un guión de cine ou televisión. Algunhas cousas só pasaron nese sitio, outras pasaron tamén noutro, pero só alí pasaron como alí. E hai cousas que non pasaron alí pero, oes, talmente como se tivesen pasado alí! E non son cousa do pasado os contos, non. Conto algún que saíu de poñer a orella nunha conversa de bar.

Canto conto temos!

Pero é que cada sitio é un mundo e cada conto é unha gran historia.

### UNHA CHEA DE CONTOS

---



Bea Campos é actriz, narradora e presentadora. Dende moi nova, comezou a contar contos, realizou milleiros de actuacións e levou as súas historias ata o outro lado do mar, participando en festivais de artes escénicas en Latinoamérica. Forma parte de Migallas Teatro e tamén traballa na compañía Inventi Teatro ademais de participar como actriz en diferentes compañías.

É formadora no eido da expresión dramática, da narración oral e da literatura infantil. Tamén colaborou nun gran número de proxectos audiovisuais e actualmente é presentadora na canle de difusión de literatura infantil Kalandraka TV achegando o mundo do libro a nenos e maiores.

### MARCHO QUE TEÑO QUE MARCHAR | Público adulto | 60 min

Marcho que teño que marchar é unha divertida sesión de contos pero tamén é un momento para a reflexión sobre os roles establecidos, a igualdade e a perspectiva de xénero. É un cesto de contos feito con vimbios de muller, xa que elas son as protagonistas. Dende meigas artúricas ata avoas misteriosas... E se mirades para os lados seguro que coñeces máis mulleres de conto, protagonista dunha boa historia.

Na miña casa está moi mal visto andar falando do que sucede na familia. Pero que facer se diante túa acontecen cousas increíbles? Se che contan historias e lendas misteriosas das que non se pode falar en alto... Pois segundo o meu punto de vista tiña dúas opción, calar para sempre ou artellar un divertido e teatral espectáculo de narración oral. Iso si, tédesme que gardar o segredo xa que todo o contado aconteceu de verdade.

---

# CÁNDIDO PAZÓ

GALICIA



Nado en 1960 na parroquia de San Paio de Navia (Vigo) e veciño desde hai 20 anos de San Xián de Sales (Vedra), gusta dos ámbitos híbridos onde a memoria rural e urbana se mesturan, dando lugar a curiosas historias transmitidas oralmente.

Comezou a contar nos anos 90 e desde entón ten estado presente en todo tipo de espazos de narración oral na xeografía galega e peninsular, así como en festivais e programacións diversas en América Latina, Europa e África lusófona.

Do 2000 ao 2008 foi profesor visitante na Escola Superior de Música e Artes do Espectáculo do Porto (Portugal), impartindo a materia de "A oralidade como ferramenta do traballo actoral".

É tamén autor e director teatral, facetas nas que ten recibido cumpridos premios (María Casares, Max) e recoñecementos (Premio Roberto Vidal Bolaño da Mostra de Ribadavia, Premio Xiria da Mostra de Cangas, Xograr de Outono do F.I.O.T. de Carballo, entre outros) e foi Premio da Cultura Galega en 2014.

## CONTAR PARA VIVILO | Adultos | 60 min

Unha sesión de historias, contos, lerias e parrafadas sobre outras xentes, outros mundos e outros tempos, nun espectáculo para xente deste mundo e deste tempo. Humor, emoción e memoria coa palabra como único recurso.

---





Felipe Díaz, máis coñecido por "Caxoto", é narrador. Ligado ao espazo escénico dende hai anos, entra en contacto coa oralidade ao chegar á Editorial Kalandraka onde asumiu o reto de ser contador nunha campaña de animación á lectura que o levou por colexios de toda a xeografía galega. Dende aquela Caxoto adícase ao mundo dos contos cun amplo abano de espectáculos dirixidos, preferentemente a público infantil e familiar.

Na actualidade é contador de referencia en concellos como A Coruña, Lugo, Vigo, Oleiros, Arteixo, Narón... e nos últimos anos participou e participa en festivais de narración oral moi recoñecidos entre os que destacan o Maratón de los Cuentos (Guadalajara), La senda del cuento (Toledo), Festival EVA (Madeira-Portugal) ou Falando a boca chea (A Coruña).

**GRANDES ÉXITOS: 2004 – 2024** | Público familiar (+4 anos) | 60 min

Caxoto cumpre 20 anos enriba dos escenarios. En todo este tempo o conto foi o principal ingrediente do seu traballo... pero non o único! Se os contos foron o sal, a música foi a pementa.

A través das cantigas tradicionais, dos xogos musicados, dos instrumentos peculiares,... Caxoto foi xuntando todo un amplo repertorio musical que vai dende o jazz chairego de Manuel María, á bossa nova mariñeira, pasando pola nosa rica tradición musical e as cantigas infantís de toda a vida. E todo no mellor acompañamento musical posible: gaita, pandereta, ukelele, whistle, acordeón, birimbao, xilófono,...

Caxoto fai unha selección de todas estas cantigas, contos e xogos neste "Grandes éxitos 2004-2024".

# CELSO F. SANMARTÍN

GALICIA



FOTO: MIGUEL MUÑIZ

Celso Fernández Sanmartín (Lalín, 1969) é un poeta e contacontos galego. É licenciado en Filosofía pola Universidade de Santiago de Compostela e tamén promotor de FoCuCu (Foro de Cultivos Culturais).

Como contacontos, Celso F. Sanmartín caracterízase polo seu labor como recolledor e reinventor de historias e contos. O seu repertorio está composto por historias e memorias ligadas á tradición oral galega e tamén á europea que presenta nos seus espectáculos coma un verdadeiro tesouro, cheos de coidado, sentido e paixón pola oralidade, a comunicación e a lingua.

**DO MONTE AO MAR TODO É CONTAR |**  
Público adulto | 75 min

**MIÑAS DONAS, MEUS SEÑORES...UN CONTO  
OU MÁIS |** Público adulto | 75 min

Somos aves de paso... somos auga do río... con estas imaxes evocamos os momentos no conxunto, con principio e fin, e o resultado desta capacidade pódenos poñer melancólicos, e a melancolía é propensa a buscar táboas de salvamento nas historias que nos contamos, buscamos no sentir común a permanencia.

---

# CHARO PITA

## GALICIA



FOTO: ADRIÁN GONZÁLEZ

Charo Pita naceu á idade de seis anos cando acabou de ler o seu primeiro libro. Leva contando historias de viva voz e impartindo obradoiros de narración oral e lectura en voz alta desde o ano 94, como narradora en solitario, dentro de espectáculos bilingües inglés-galego, ou en sesións nas que se combinan os contos e a música.

Como escritora ten máis dunha ducia de libros publicados. Recibiu algúns galardóns literarios, como o premio Espiral Maior de poesía no ano 2001 ou o Manuel Murguía de narracións breves para adultos no 2018. O seu poemario 'O cuarto de Jane' gañou o primeiro premio do XV Certame de Poesía Erótica Illas Sisargas.

Unha das súas facetas máis persoais é a de mesturar contos e música, de aí a súa participación en proxectos como 'A nena e o grilo no país das apertas' xunto a Magín Blanco, en 'Estamos no verán' xunto a Xoán Curiel ou en 'No país do vento' da man de María Faltri e Jorge Juncal.

**RETRATOS EN BRANCO E NEGRO** | Público adulto | 60 min


Cando fotografamos en cor, retratamos as vestimentas, a paisaxe, a superficie coa súa profusión de tonalidades, pero cando facemos unha foto en branco e negro, retratamos algo atemporal, case espectral, que apunta a alma do mundo.

*Retratos en branco e negro* imaxina unha serie de relatos nos que os lugares e as personaxes transitan dun conto ao outro creando un universo de ficción ateigado de grises: relatos entre o real e o extraordinario, entre o vivido e o soñado nos que late a tradición oral.

---

# CONTOS DE REVOLUCIÓN: ENTRE BRASSENS E NEIRA VILAS

GALICIA



DANI BLANCO

**Dani Blanco** é pallaso, bufón, improvisador e narrador oral. Adentrarse noutros campos coma a improvisación ce actúa nas montaxes do CDG e participa en festivais internacionais. Tamén conta, participando en festivais, escribindo os seus propios contos para público adulto e infantil.

**Zé Pumar** estudou Historia e Ciencias da Música nas universidades de Salamanca e Lisboa e a especialidade de piano nos conservatorios de Cangas e Santiago de Compostela. Leva máis de 20 anos exercendo como profesor de música no ensino secundario compatibilizando esta actividade coa participación en diferentes proxectos musicais dos que destacan os grupos Na Virada, Pumar e Prieto, Pardal na rúa e, actualmente, Mediarea. Compuxo música para teatro en dúas ocasións (*María Soliña - O desembarco*, producida por Teatro de Ningures en 2009 e *Alicia e Alicia* de Producións Artística en 2010). Malia ser multinstrumentista, nos últimos anos inclínase polo acordeón como instrumento principal e pola música tradicional, jazz e música contemporánea como xéneros referentes.



ZÉ PUMAR

**CONTOS DE REVOLUCIÓN. ENTRE BRASSENS E NEIRA VILAS** | Adultos | 60 min

Disque cando unha bolboreta axita as súas ás en Australia, pode provocar un furacán en América. Tamén chamada teoría do caos. A revolución do caos, non chega cunha bolboreta, nace con Neira Vilas, mellor con "Memorias dun neno labrego", e xa non hai volta, arrástrao todo. Unha revolución que nos vai levar desde Bos Aires ata a caída do muro de Berlín. Esta viaxe vai facer parada en maio do 68, nas barricadas de París, na chegada dos Tamara a sala Olympia e nos movementos anarquistas acompañados de Brassens. Unha banda sonora en francés que nos vai acompañar neste camiño da revolución provocada por "Memorias dun neno labrego".

# CRIS COLLAZO

GALICIA



Naceu en Santiago de Compostela no 1986 e medrou no berce dunha aldea chea de fábulas, contos e cantigas. Dos beizos das avoas saiu a maxia da literatura popular que fixeron pouso na súa formación e entendemento da arte dramática.

No 2012 viaxa a Brasil para realizar unha xira coa compañía Arte Livre onde se afianzan as súas inquedanzas sobre o teatro infantil e a dramatización dos contos. Tras un ano de enchouparse na cultura e arte deste país, regresa a Bandeira para poñer en práctica estas aprendizaxes. Dende entón, a súa carreira artística mergúllase na creación de laboratorios, traballos audiovisuais en curtametraxes e a coordinación de proxectos teatrais e de índole social. Sempre cun obxectivo: fomentar o teatro no medio rural.

## **SON NO BERCE | Bebés**

Concerto sensorial para bebés.

## **PROCÚRASE PEPA A LOBA | Público familiar e infantil**

Año 1890. Inauguración da taberna de Pepa a Loba. A súa gavela ó completo: Xan Quinto "o vello", Maninocente e Calamity Jane celebran este día tan esperado, mais... un cobizado tesouro agóchase moi preto e só ela sabe o segredo. Precisa da túa colaboración... Atrévete?

Trátase dun contacontos interactivo onde a danza e a música se funden coa natureza, poñendo en valor a amizade e a perspectiva de xénero.

## **A CORVA | Público familiar / infantil**

Mari Gésta, é un personaxe inspirado en Mary Poppins. AS súas extravagancias fan rir ás crianzas, mais tamén ás maiores. Vive no monte, adora os toxos e as xestas e posúe unha maxia especial que a leva a sacar cousas máxicas da súa sacola. Un espectáculo a medio camiño entre o musical e o contacontos, tinguido de seres maravillosos que acompaña a esta peculiar muller.



Nacín entre os contos que me contaba a miña avoa Carmela para que comera, para que non comera tanto, para que deixara de gabear polas árbores, para que levantara o cú, para que falara, para que calara...

Deste xeito, aprendín que había un conto para cada ocasión. Tanto conto me arrolou que quixen saber máis deles, polo que non quedou outra que estudar filoloxía pero iso non foi suficiente. Eu quería vivir entre contos, así que logo prepareime para ser bibliotecaria. E aínda que é un traballo moi creativo e divertido, ás veces sinto que os contos queren saír dos andeis e eu lévoos comigo para que os escoite quen sabe facelo.

Outras veces, prefiro conversar con quen máis sabe e levar un anaco da nosa tradición no meu contar. Na actualidade, conto para todo tipo de públicos, para quen non ten nin un ano e para que pasa dos cen. Só se precisa orelas, para escoitar, corazón, para deixarse emocionar e boca para sorrir. Ti sabes escoitar? Pois eu teño un conto para ti.

## FÍOS DA MEMORIA | Público adulto

Dorinda era tecedora e como tal traballaba para as casas, para as persoas e ata para os animais. Tecía panos, colchas, manteis e ata alforxas. Compoñía prendas para diario ou para vender como agasallos. Tecía de noite pois de día había que traballar nas leiras.

Pero nunca deixou de tecer soños dos que se teñen cos ollos abertos e as mans ocupadas. Seguindo a súa vida, examinando a súa labor pregunteime polos fíos que todos temos no noso maxín e no noso corazón. Algúns son nosos e outros herdados. Algúns son propios e outros emprestados, pero tecen historias que prestan para escoitar cada día ou en ocasións especiais, para botar a diario ou para agasallar. Hai fíos cos que tecer historias de amor, outros cos que recompor inxustizas, algúns fan unha bo pano de retranca e con outros urdimos viaxes ao mundo dos mortos.

Fíos do maxín cos que tecer a vida; haberá uns que leven ao sorriso e outros que non, tal como sucede no pano grande da vida. É o que ten a memoria da xente, sempre escoita e algo queda. Son historias e contos de tradición oral cos que tecer a vida.

---

# CRIS DE CALDAS E XABI DO CAMIÑO

GALICIA



**Cris de Caldas** naceu entre os contos que lle contaba a súa avoa Carmela. Tanto conto lle arrolou que quixo saber máis deles e non lle quedou outra que estudar filoloxía, pero iso non foi suficiente e preparouse para ser bibliotecaria.

Na actualidade, compaxina a súa profesión coa súa faceta de narradora. Conta para todo tipo de público, para quen non ten nin un ano de idade e para que pasa dos cen. Só se precisa orelas para escoitar, corazón para deixarse emocionar e boca para sorrir. Se sabes escoitar, ela ten un conto para ti.

## COMERÁ O BEBÉ? | Bebés (12 meses - 3 anos)

Unha dúbida cotiá que provoca que a persoa adulta teña que botar man da súa imaxinación para dar con aquel xogo, con aquel conto ou con aquel canto que faga máis atractivo o momento da comida.

A voz e a música de Cris de Caldas e Xabi do Camiño vanse mesturando e tratan de resolver o gran misterio con algunhas das fórmulas máis tradicionais que se utilizaron de sempre para facer do momento da comida unha experiencia máis agradable. E comerá o bebé? Ven descubri-lo!



FOTO: XAIME CORTIZO

Natural de Cangas do Morrazo. Actor, improvisador, malabarista, clown, docente e narrador oral. Formouse a medio camiño entre Santiago de Compostela e Bos Aires. Fundador da compañía de circo Assircópatas no ano 2003 coa que percorreu máis de 15 países con diferentes espectáculos ata o de agora. Membro tamén da compañía de circo Muu e da compañía de teatro Diáspora escena. Ademais fundou a compañía de improvisación teatral Themomento impro. Comezou da narración oral no 2017, en gran parte grazas a Soldade Felloza, e desde aquela non para de contar en bibliotecas, bares, teatros e alí onde o queiran escoitar. Nos seus contos mestura a realidade co fantástico. Participou xa no festival Atlántica no ano 2019 co espectáculo para público adulto Ondas para mudar.

### **MURMURABAN AS MIÑAS VECIÑAS | A partir 12 anos | 60 min**

Historias vivas recollidas para ser contadas de viva voz, aquí presentadas como unha instantánea, coa humilde intención de que permanezan nalgún lugar. Contos de catro mulleres bravas do Morrazo, que levaron a vida que querían levar. Unha mestura entre a ficción e a realidade contadas sempre desde o humor. Para pasar da emoción a risa sen decatarse.



---

# EN BRANCA E NEGRA

# GALICIA E CUBA



**Cris de Caldas** naceu entre os contos que lle contaba a súa avoa Carmela. Tanto conto lle arrolou que quixo saber máis deles e non lle quedou outra que estudar filoloxía, pero iso non foi suficiente e preparouse para ser bibliotecaria.

Na actualidade, compaxina a súa profesión coa súa faceta de narradora. Conta para todo tipo de público, para quen non ten nin un ano de idade e para que pasa dos cen. Só se precisa orellas para escoitar, corazón para deixarse emocionar e boca para sorrir. Se sabes escoitar, ela ten un conto para ti.

A música **Amor Herrera** formou parte durante varios anos da afamada Orquesta Anacaona de Cuba coa que gravou varios discos, documentais e realizou xiras por máis de 30 países participando en prestixiosos festivais internacionais.

No ano 2001 trasládase a vivir a Galicia integrando diferentes formacións musicais de renome. Tamén é cantante, escritora, locutora de radio e produtora.

**IDA E VOLTA** | Adulto | 60 min

Cris, galega e branca coma o leite, é narradora oral. Amor, cubana e negra como o café, é música profesional e escritora ocasional.

Cris conta contos, algúns deles escritos por Amor, quen ademais acompaña á narración con notas musicais, unhas brancas e outras negras.

Amor e Cris xúntase para parir o espectáculo de narración oral e música en directo 'Ida e volta', unha viaxe no espazo e no tempo a través de historias de migracións, sabedoras da importancia de non perder a memoria e da riqueza da diversidade cultural.

As dúas pensan que rememorando o pasado, entenderase mellor o presente e respetarase o futuro porque hai historias e contos que teñen billetes de ida e de volta, coma a vida mesma.

---



Fantoches Baj é unha compañía creada inicialmente en Portugal por Inacio Vilariño no ano 2006. Desde aquela o seu campo de interese céntrase no teatro de monicreques entendidos dunha forma ampla. Desde a proposta máis tradicional dos bonecos de luva e variña do primeiro espectáculo *Tío Misericordia* (2007), a unha progresiva apertura a outras formas máis contemporáneas do teatro de obxectos como no seu espectáculo *O asombro* (2010) ou a utilización do kamishibai xaponés en *As pombas de Carboeiro*. Na actualidade son moitos xa os espectáculos no haber da compañía. Co seu espectáculo *Os golfiños e o xigante* obtivo o Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques na modalidade infantil.

**BURROMAQUIA** | Público infantil (+3 anos) | 50 min

*Burromaquia* é un espectáculo de narración oral que reúne unha selección de contos, fábulas, poemas e cancións nas que se fala con simpatía dese animal tan entrañable que é o burro. A través da súa participación, os rapaces e rapazas van descubrindo a historia do burro da Tía Lola, personaxe que popularizaron nun pasodobre os gaiteros Os Dezas de Moneixas.



Inma Soto é unha educadora ambiental de Ourense e afincada en Miraz (Xermade) dende hai seis anos. Leva máis dunha década traballando na sensibilización ambiental a través de charlas ou roteiros guiados e interpretados.

No 2022 publicou con por Clara Cerviño, ilustradora científica e bióloga, o libro 'Xela a superheroína de aldea'. Esta obra amosa as vantaxes de vivir na aldea, pon en valor os recursos que existen no noso territorio e quere que todas as nenas e nenos sintan fachenda do seu patrimonio natural e cultural.

**XELA A SUPERHEROÍNA DE ALDEA** | Público infantil e familiar | 45 min

Na aldea hai unha chea de aventuras desexando ser vividas. Calza as botas, explora a natureza que te rodea e quererás coidala sempre.



Iseo Agilda sempre gustou de cantar e facer cancións, así como de escribir para ser quen de calar un rato e poder así pensar un chisco no que fai. Filósofa de formación, encamiñou logo a súa vocación cara a Educación Ambiental e dende aí comparte a súa vontade de aprender a vivir dun xeito máis sostible, sinxelo e xusto a través de cancións, contos e actividades na natureza. Cantante en Sacha na Horta e Blues do País.

**A GRANDEZA DO PEQUENO** | Infantil e familiar | 60 min

Facerse pequeno mola. Se non, ollade para os dinosauros, moita ansia por medrar e mirade como lles foi...

A nós estanos pasando o mesmo. Pero non temades porque están chegando mandas de xentes miúdas para axudarnos a entender que o que nos fai grandes ou pequenos non é o noso tamaño, senón a nosa e capacidade de soñar e de tomar decisións.

Soñemos grande e fagámonos pequenos!

---

---

# LUÍS PREGO E SAMUEL SOTO GALICIA



**Luís Prego** é mestre de baile e música tradicional dende 1989. Estudoso e investigador do folclore tradicional galego. Autor dos libros *Para cantar e bailar* (Ed. do Cumio, 2008), e *Xogos musicais* (Ed. do Cumio, 2013). Creador e administrador do grupo de Facebook [Baile e música de Galiza](#) e da páxina *Un punto ao día con Luís Prego*.

Fundador e primeiro director do grupo O Fiadeiro de Vigo. Director dos grupos Albendeira, Tralovallo e Adonairare, entre outros. Director do Orfeón Mariñeiro do Berbés (da A.VV. do Casco Vello de Vigo). Ex director dos grupos Brincadeira de Santiago de Compostela e A Buxaina de Vigo. Membro do grupo de música folk Ardentía.

Ao longo da súa traxectoria ten impartido cursos e obradoiros de música e baile tradicional en numerosos centros galegos da diáspora: Arxentina, Perú, Brasil, Francia, España e Portugal.

Na actualidade continúa a súa actividade docente nas disciplinas de gaita, requinta, acordeón, percusión, baile tradicional, canto tradicional e canto coral.

**PRENDE NO COLO** | Bebés (0-3 anos) | 45 min

Sesión musical para aprender cantigas, cantos de berce, xogos de dedos, recitados e outras pezas pensadas para iniciar as crianzas na linguaxe, no ritmo e na melodía. Con Samuel Soto.

**XOGOS MUSICAIS** | Nenos (3-6 anos) | 45 min

Obradoiro que achegará cantigas, recitados, danzas e xogos cantados e bailados para iniciar aos cativos e cativas nas melodías e ritmos tradicionais, traballando a psicomotricidade, o sentido do ritmo e desenvolvendo unha actividade musical en grupo.

As cantigas estarán acompañadas por música en directo, presentando aos participantes os diversos instrumentos empregados. Con Samuel Soto.

---

---

# MARÍA DA PONTRAGHA

GALICIA



María da Pontragha é o alcume de María Iglesias, unha educadora e antropóloga que dende sempre mantivo un vínculo moi forte coa tradición oral, tanto a través da música coma da palabra en si. No 2009 comezou a súa andaina no mundo da narración centrándose na recuperación e actualización das historias populares e de tradición oral e cun gusto especial polas historias que se centran nas mulleres do país. É ademais percusionista e vocalista nos grupos Boubá e Lévedo, e vocalista no grupo Sacha na horta.

## **DONAS DO LUGAR | Público adulto | 60 min**

A través da historia de varias mulleres coñeceremos as pequenas revoltas que se deron nas súas vidas e que cambiaron o camiño das donas nas aldeas. Historias duras e bonitas, cheas de humor que nos deixan con gana de seguir dando batalla.

## **UN SACO DE CONTOS | Público infantil | 50 min**

Contos e cancións de tradición oral para crianzas. Que beben da nosa herdanza cultural e cos que sementan as leiriñas das familias para que medren vizosas.

---

---

# PABLO SÁNCHEZ 'PABLÍSIMO' GALICIA



Pablísimo é unha compañía especializada en narración oral, teatro de animación á lectura e teatro infantil creada polo actor, dramaturgo e contador de historias Pablo Sánchez. Os seus espectáculos, de pequeno e mediano formato, toman sempre como base a literatura infantil a través de contos clásicos, contemporáneos, e contos de creación propia.

Pablísimo leva producidos máis de vinte espectáculos misturando neles monicreques, música en vivo, teatro de sombras, video e narración oral. E ten participado en diferentes mostras e festivais.

**CABICIVAI** | Familiar (+3 anos) | 45 min

Cabici vai subindo e baixando  
ca bici vai de acó para alá  
ca bici vai carretando as historias  
ca bici vai a golpe de pedal

*Cabicivai* é un espectáculo sobre rodas, unha bicicleta, un Kamishibai e tres caixóns dos que pode saír calquera cousa!!



# PACO NOGUEIRAS



## GALICIA



Paco Nogueiras é un músico convertido a actor e un actor convertido en músico. Ao longo da súa traxectoria profesional, pasou por diversas formacións teatrais e musicais que o levaron a escenarios nacionais e internacionais. Combinou este labor coa de monitor de teatro e compositor para espectáculos entre os que cabe destacar a realización da banda sonora da serie infantil emitida na TVG 'Planeta fantasía'.

Os diferentes rexistros de Paco Nogueiras convérteno nun ser de espectáculo "todoterreo" capaz de afrontar retos de calquera tipo.

### **C@NTO CONTIGO | Infantil (+3) | 50 min**

*C@nto contigo* fai un percorrido por cancións de "Brinca Vai!", "Radio Bulebule" e "Extra!" sacando a nosa lingua a voar de xeito lúdico e divertido. Hai retrousos e cancións para participar activamente, bailando sen complexos, acompañando coa voz, coas palmas ou con acenos.

*C@nto contigo* viaxará alí onde alguén queira cantar, rir, bailar ou simplemente escoitar coas mans e as orellas ben abertas! Así que colle aire, saca o teu mellor sorriso e... cantemos!

### **SON ANIMAL | Infantil | 45 min**

O novo espectáculo de Paco Nogueiras está adicado aos animais máis cercanos e aos seus sons convertidos en divertidas cancións. Moí preto de nós viven toda clase de animais. Hainos grandes, pequenos, con pelo, plumas, cornos, rabo, con catro patas, dúas... ningunha. Todos diferentes e especiais, todos maravillosos. E todos... co seu son.

O bruar dunha vaca, o miañar dun gato, o ladrar dun can, o cacarexar dunha galiña, ou zunido do mosquito convértense en divertidas cancións da man de Paco Nogueiras. Cancións que nos levan polo mundo a través de diferentes estilos musicais: dende un aire portugués aos ritmos do leste de Europa, dende unha balada acústica a un animado rock & roll, dende unha fanfarra circense ate unha melodía de influencias andinas.

Preparémonos para cantar como animais, pois o gran son dos nosos amigos animais está a piques de comezar a soar.





Paco Cerdeira (músico, compositor e produtor) leva adicándose ao público infantil dende xa fai mais de 13 anos, que comezou os seus pasos como membro de Mamá Cabra. Logo formaría a súa propia banda de música infantil: A Gramola Gominola.

No ano 2015 comeza a traballar no seu proxecto persoal en solitario, Pakolas, e nace así unha nova proposta para espectáculo individual. Segue traballando así con letras e composicións propias e mergullándose no mundo dos contos. O seu primeiro libro-cd en solitario, do mesmo título que o seu nome, "Pakolas" é editado pola Ed Galaxia (Sonárbore) en Novembro de 2017, co respaldo do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia (CPLGA).

Son 10 composicións, no que tamén trata de traballar a música dende unha nova perspectiva logopédica, non so de contar historias e contos e interpretalas músicas nos espectáculos. En 2020, e na mesma colección Sonárbore, sae editado o seu segundo libro-disco titulado "Ramona Órbita. A dona do tempo". En 2023 sae editado o terceiro traballo en solitario de Pakolas, 'A Ramona pequena vai á lúa', unha nova entrega das historias da súa labrega inventora favorita, Ramona Órbita.

## A RAMONA PEQUENA | Público familiar | Concerto e contos

Corría o ano 1967 no Courel e Ramona contaba con 6 anos. Era unha nena movida por constantes inquedanzas, cunha mente esperta e imaxinativa. Adoraba perderse entre as páxinas de Xulio Verne. A volta ao mundo en 80 días, 20 mil leguas de viaxe submarino, Viaxe ao centro da terra e sobre todo un que lle espertaba a mais grande das curiosidades, Da terra á lúa, que lía unha e outra e outra vez. A Lúa era para ela unha fonte imparabile de preguntas sen resposta: que tipo de leiras habería nela? Poderíase cultivar na súa superficie? Habería auga? Viviría alguén aí? Saberían, ou polo menos entenderían o galego? Sería mais grande que o Sol?

Moitas personaxes poderedes coñecer neste novo espectáculo, como a profe Lupe, que sempre escoitaba atenta as dúbidas da pequena, ou á súa amiga furona Nora, coa que consegue viaxar ata a Lúa! Con estas e outras personaxes chegaremos á fin desta viaxe, que nos ensina que a imaxinación non ten límites, a nosa cabeza é un taller de ideas onde os soños poden tornarse realidade.

---

# PAULA CARBALLEIRA

## GALICIA



Paula Carballeira, nacida en Maniños (Fene, A Coruña), licenciada en Filoloxía pola Universidade de Compostela e cun curso de Especialización en Arte Dramática (Teoría e Práctica da Interpretación) na mesma universidade. Narradora oral profesional desde 1994, actriz e escritora. Como narradora oral, foi convidada aos principais festivais e eventos de narración oral nacionais e internacionais. Como actriz, é membro da compañía Berrobambán e participou en varias series e programas da televisión de Galicia. Como directora de teatro, levou adiante producións tanto para a súa compañía coma para outras.

Como dramaturga, recibiu o Premio Nacional de Literatura Dramática do ano 2023, o Premio Follas Novas na categoría de Teatro no ano 2023, o premio Laudamuco de Textos Teatrais no ano 2022, o Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil os anos 2006, 2011 e 2018, alén doutros recoñecementos. Ten máis de trinta libros publicados (álbum ilustrado, narrativa, poesía, teatro, ensaio) moitos deles traducidos a varias linguas: inglés, italiano, coreano, turco, alemán, chinés, portugués, catalán, éuscaro... algúns deles premiados e a maioría pensados tamén para a infancia e a xuventude.

### CONTOS DE SAPOS, BRUXAS E CURUXAS

Non todo o mundo sabe que as bruxas son intelixentes, as curuxas astutas e os sapos valentes. Non todo o mundo sabe que as bruxas son astutas, as curuxas valentes e os sapos intelixentes. Non todo o mundo sabe que os sapos son astutos, as curuxas intelixentes e as bruxas valentes. Pero para iso están os contos, para lembrarnos o que esquecemos desde o inicio dos tempos.

### CAMIÑOS DE MAR, TERRA E VENTO

Polos camiños da terra van quen queren chegar lonxe, de vagar, atopando atrancos, e persoas descoñecidas, e aventuras fantásticas ou pequenas peripecias, perigos, sorpresas.

Polos camiños do aire van quen adiviñaron como voar, coa axuda de paxaros ou alfombras, de vasoiras ou de rachas de vento.

Polos camiños do mar van quen esperan atopar illas misteriosas, música feita por ondas e sereas, baleas brancas, luras xigantes, tesouros que poden non ser de ouro nin de prata, senón de corais e criaturas das profundidades.

E os contos viaxan, de boca en boca, pola terra, polo mar e, sobre todo, polo aire.

---



Pavís Pavós formouse como grupo de contacontos para público infantil no ano 1996 en Pontevedra. Traballa principalmente en Galicia con contos en galego e tratando de recuperar cantos, contos, adiviñas, refráns, fraseoloxía e xogos propios da nosa tradición. Tamén inclúen nos seus espectáculos contos de nova creación e formatos contemporáneos. Por outra banda, a compañía adícase o labor da recuperación da oralidade e entre a súas tarefas tamén está a de recuperar as versións orixinais dos contos clásicos para que non desaparezan. Pavís Pavós está formado por Tareixa Alonso e Xacobe Rodríguez.

No ano 2005 acadou o premio Xoán Manuel Pintos polo compromiso coa lingua e desde 2012 coordina o Festival Sete Falares en Pontevedra.

**CONTOS PARA ORELLAS ABERTAS | Infantil**  
(+4 anos) | 50 minutos

Sesión de contos maravillosos para público a partir de 4 anos. A sesión ten unha duración de 50 minutos.

---

# QUICO CADAVAL

## GALICIA




FOTO: XAIME CORTIZO

Nace en Ribeira, na Ría de Arousa, onde Deus apoiou o dedo anular no seu día de descanso (o sétimo). Na súa infancia conviviou con mariñeiros que extraían maxicamente bacallaus salgados dos seus pantalóns, quinquilleras que revelaba a berros a orixe da vida mentres devoraban carne asada e anciás que conseguían mexar de pé con precisión de cirurxiáns.

Foi educado por un profesor entusiasta dos castigos físicos e da escritura barroca, na actualidade cronista local da cidade de Ribeira. Na súa época universitaria descoidou os seus estudos de arte para coquetear co amor, a política e a droga.

Dirixiu espectáculos de teatro coa presenza de orfas de fillos, quinquilleras, viúvas de carpinteiro, traficantes de toneis, palilheiras-macho, inmigrantes ilegais e xitanas vingativas. Escribiu pezas de teatro protagonizadas por traficantes mudos, deusas, piratas (sexo feminino), ociosos, aristócratas pintores, músicos ambulantes e vendedoras de amor ao pormenor.

Por se isto fose pouco, é omnívoro.

**LENDAS SUBURBANAS** | Adultos | 60 minutos  
Trinta anos a contar historias que se transforman e se modifican a cada volta que se contan. As vellas lendas rurais asaltan o territorio da modernidade, enmascáranse e modifícanse para devolver ao público os vellos terrores a as antigas gargalladas.

**AUTOESTRADAS E CORREDOIRAS** | Público adulto | 60 minutos  
En Autoestradas e corredoiras, Quico Cadaval presenta un repertorio que circula desde as camiñadas dos tempos de antes cos seus encontros imprevistos, ás etapas automobilísticas cos seus choques e cachizas de parabrisas. Unhas peixeiras co cesto á cabeza que teñen unha abraiante visión nocturna, un xeneroso condutor que sae da néboa para auxiliar aos feridos dun accidente múltiplo e o clásico moderno: un autostopista que ve como ven cara a el un vehículo que endexamais atopara antes. Non descartamos que teñamos breves informacións sobre romarías, barracóns de monstros, ideario anarquista, polos de desenvolvemento franquista, a fotografía rural, protocolos hospitalarios, e centos de pensamentos que lle veñen á cabeza a quen escoita una historia.

---

---

# RAMIRO NEIRA

# GALICIA



É diplomado en Maxisterio (especialista en Audición e Linguaxe) e ten moitos anos de experiencia en Galicia como actor, director, docente, produtor e distribuidor teatral. Como actor traballou e traballa con diferentes compañías: Artestudio Teatro, Sardiña, Tea, Estragón, Grupo Institucional da Universidade da Coruña, Teatro da Bufarda, Espello Cóncavo, Teatro da Lúa, Casa Hamlet, Patatín e Patatán, entre outras.

Como docente e director coordinou grupos en Sardiña, Gangarilla, Instituto María Casares, Centro Fonseca, Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, Concello de Ordes, Fogar do Maior do Barrio das Flores, Artestudio, Forum Metropolitano...). Como produtor e distribuidor traballou con Teatro da Bufarda, Hac Luce Universidade da Coruña, Teatro da Lúa, UVG Teatro, Galileo Teatro, Ballet Studio, Paparota Teatro, etc.

Actualmente compaxina os seu labor como docente, actor e director ca coordinación de diferentes proxectos do Concello da Coruña e do Forum Metropolitano, como son o Programa Horas Punta, Mostra de Teatro Escolar e os Encontros de Teatro Independente da Coruña.

**ONDE LATEXA O CORAZÓN | Público familiar  
| 60 min**

Os contos como chave do que agachamos no corazón. Narración oral que agarima os sentido e, por que non?, debuxa sorrisos.

---



FOTO: XAIME CORTIZO

Nacín en Queirugás, unha pequena aldea preto de Verín (Ourense). Das historias que escoitaba aos meus avós xorde a miña paixón pola narración oral, pola lingua, pola lectura e polo teatro. Naquela época sabía a hora exacta polo sol, xogaba con bonecas feitas con carozos de millo e hipnotizaba galiñas. A pesar da miña timidez, no patio do colexio reproducía para as miñas compañeiras e compañeiros esas historias escoitadas a carón da lareira.

Son actriz, monicrequeira, filóloga (Universidade de Santiago, 1998), e sobre todo, contadora de historias. O meu repertorio inclúe contos tradicionais, lendas de cada recuncho, adaptacións de contos de autor e historias propias. Quizais fose polos contos que me contaba a miña avoa (porque a memoria dos antepasados non só é vida, senón sabedoría pura), quizais porque a nena que levo dentro segue soñando con ese mundo de fantasía, fose como fose, os contos forman parte da miña vida persoal e profesional. Levo xa vinte anos inmersa profesionalmente no mundo dos contos e do teatro.

### A MALETA DA AVOA | Público familiar e infantil (+3 anos)

Desde ben pequena escoitaba os contos da avoa á mañá, na merenda e, sobre todo, á noite. A maleta da avoa está chea de pequenos tesouros; nela vive a memoria. Dentro dela brincan trasnos, mouras, nenas espelidas, bonecas feitas con carozos de millo...

Abrímola?

*A maleta da avoa* é un espectáculo de contos e lendas tradicionais galegas no que se empregan obxectos e monicreques, dirixido a nenas e nenos de tres anos en adiante e mais as súas familias.



Actriz, contadora de historias, fotógrafa, escritora e dramaturga. Directora do Festival Internacional de Narración Oral Atlántica. Integra a Hora do Conto das Bibliotecas de Ferrol, Ourense e Lugo, o grupo de narradores dos Centros Socioculturais de Santiago, o grupo de narradores do Salón de Pontevedra, de Carballo e das actividades de Narración Oral da ASPGA (Asociación Pedagóxica de Galicia) e a Guía de Recursos de Animación á lectura de Castilla La Mancha, a Guía de Recursos e Narradores da Comunidade de Madrid, o Catálogo Lector da Comunidade Valenciana e o Proxecto Ler Conta Moito, e Bibliotecas escolares de Galicia. Combinando a súa presenza en circuitos profesionais de teatro (Aragón, Navarra, País Vasco etc) con festivais de Narración Oral de Cuba, Perú, Arxentina, Brasil, Portugal, Francia, Cabo Verde e todo o Estado español.

### **NA PROCURA DUN TESOURO | Público infantil e familiar (+ 3 anos) | 50 min**

Que acontece cando un grupo de amigos descubren o mapa dun tesouro? Pois que saen buscalo, claro. Será ouro, pedras preciosas, moedas antigas?

Unha chea de libros servirán de moita axuda para entender as pistas e sinais que agocha o mapa.

Na procura, mil aventuras e un final sorprendente!

---



Susana Garrido Pombo é unha cantante, músico e compositora galega. O seu estilo musical abrangue diversos xéneros con matices de bossa, folk, jazz ou latin. As súas actuacións configúranse como unha proposta íntima e próxima onde as cancións e as historias se entretecen porque cantar e contar son parte da vida.

No ano 2019 publica o seu primeiro álbum en solitario, 'Quedo a vivir aquí', e obtén o primeiro premio no Concurso Fran Narf da Deputación da Coruña (2018). No 2019 faise co Premio Martín Códax na categoría de Música de autora (2019). A finais do 2022 sae o seu novo disco "Patios de luz" onde as protagonistas son as veciñas, a comunidade, o espacio común, a emigración do campo á cidade, as hortas, os patios de atrás e a luz.

Con este novo traballo acada de novo o Premio Martín Códax na categoría de Música de autora (2023) e realizou numerosos concertos pola península, incluída unha xira en Irlanda no outono de 2023.

### PATIOS DE LUZ | Adultos | 70 min

A Estrada que levaba do Eirado ó patio de luces tiña máis de cen curvas, era a estrada pola que marcharon as miñas veciñas, os meus avós, bisavós, tataravós, nós. E pola que volvemos.

*Patios de luz* é un percorrido por esas estradas de ida e volta, da aldea a cidade e dos patios de luces de volta á cortiña. Nos que as cancións e as historias van entretécendose para contar e cantar unha historia común, a da emigración da aldea ós barrios e onde as protagonistas son as veciñas, a comunidade, o día a día, as hortas, o doméstico.

Porque os patios son as partes de atrás, onde dan as cociñas, onde se esconden as cousas que non se queren ensinar, onde se bota a roupa, a parte que nen sequera se pinta. Son o oposto ás fachadas. Onde pasan cada día miles de historias comúns que merecen ser cantadas, contadas e celebradas.

Os patios de luz son os nosos teatros.





**Vero Rilo** é narradora oral. Antes era educadora infantil, pero quitouse diso. Dende 2013 leva contando contos, historias de vida, e outras lerías para todo tipo de público. A música está moi presente nos seus traballos a dúo aínda que, por máis que o intente, nunca aprenda a cantar nin a tocar a pandeireta. Tamén conta soa, é na variedade que atopa o gusto.

Feminismo, tradición, memoria histórica, resistencia, alegrías, afectos e rebeldías aparecen consciente e inconscientemente no seu repertorio. Sempre lembra as palabras de Castelao "cada vida é una novela que se perde". Se cadra é por iso que conta para non perder. E conta o que aprendeu a ser, o que outras foron, o que son. Conta o que a (con)move, di que así a memoria non morre...

## **ELAS | Familiar (+4 anos) | 50 min**

Selección de contos de autora, tradicionais e de recollida e adaptacións persoais. Un espectáculo de narración oral atravesado por temas como a igualdade, o feminismo, a tradición, a memoria histórica, a resistencia, as alegrías, os afectos e as rebeldías, cuestións todas elas que aparecen consciente e inconscientemente no repertorio de Vero Rilo.

## **E A TI QUE CHE CONTABAN? | Infantil e familiar (+3 anos)**

Neste espectáculo a contadora Vero Rilo vai compartir co público unha escolma de contos de autor, tradicionais e de recollida xunto con xogos cotiás. Un achegamento á memoria tradicional e familiar compartida da man dunhas das voces máis persoais da nova narración oral galega.

---

# VERO RILO E SANTI CRIBEIRO GALICIA



**Vero Rilo** é narradora oral. Antes era educadora infantil, pero quitouse diso. Dende 2013 leva contando contos, historias de vida, e outras lerias para todo tipo de público. A música está moi presente nos seus traballos a dúo aínda que, por máis que o intente, nunca aprenda a cantar nin a tocar a pandeireta. Tamén conta soa, é na variedade que atopa o gusto.

Feminismo, tradición, memoria histórica, resistencia, alegrías, afectos e rebeldías aparecen consciente e inconscientemente no seu repertorio. Sempre lembra as palabras de Castelao "cada vida é una novela que se perde". Se cadra é por iso que conta para non perder. E conta o que aprendeu a ser, o que outras foron, o que son. Conta o que a (con)move, di que así a memoria non morre...

**Santi Cribeiro** estudou nos conservatorios de música da Coruña e Santiago de Compostela. Malia a que se formou academicamente como pianista, o seu instrumento predilecto sempre foi o acordeón. Comezou a tocar dende bastante novo con Debadoira, grupo de música tradicional da súa vila, Cedeira. Máis adiante trasladase a Vigo, onde se integra no Grupo didáctico de Instrumentos Populares da Universidade Popular de Vigo.



A comezos da década dos 90 cofunda Matto Congrio con, entre outros, Anxo Pintos, Isaac Palacín e Carlos Núñez. En 1995 é un dos cofundadores de Berrogüetto. Tamén ten colaborado con Uxía Senlle, A Banda das Crechas, Fuxan os Ventos ou Anubía. Dende o ano 2019 fai parte da banda folk Os d´Abaixo cos que grava o disco "Somos Pedra".

**TRALALAREIRA** | Público adulto | 60 min

Este espectáculo nace da boca dunha muller, da señora Isolina, "ai neniña, o que se contaba darredor dun lume", que dicía ela. Esa frase fixo prender a lareira, e que cociñásemos historias de vida, de tradición oral e contos de autor/a xunto con músicas para cantar acompañadas.

Ela sempre dicía tamén que a vida é curta e logo pasa... Fixo iso que sacásemos o viño vello e o viño novo e que brindásemos. Lume, palabra, mulleres e música para contar e cantar con alegría parte da memoria dun pobo. Tralalareira é un espectáculo a pedir de boca, con humor e viño, para padais pouco finos e gorxas cantareiras, todo o que se escoitaba (e o que non) tras dunha lareira... Vai outra?

---



---

# 800 ANOS DAS GIOCONDAS GALEGAS

CAROLA CASAL E CARME VARELA GALICIA



**Carme Varela** é filóloga e xestora cultural. Compaxinou traballos na Fundación Castelao como secretaria técnica con outros no campo da produción e distribución teatral coas compañías Ollomoltranvía e Mofa e Befá. Tamén traballou na empresa de servizos teatrais RTA. Foi directora de produción no Centro Dramático Galego e dende o ano 2007 a súa vida laboral estivo ligada á empresa de comunicación Atlantis Multimedia onde participou en proxectos de publicidade ou na produción de películas documentais.

*As desterradas* (XXV Premio Álvaro Cunqueiro) foi o seu primeiro texto teatral e foi creado como actividade para desenvolver no seo da asociación de patrimonio medieval O Sorriso de Daniel da que é secretaria e que axudou a fundar en 2010. En 2022 gañou o Premio Selic co texto teatral *Faise o escuro*.

**Carola Casal** é museóloga-curador, xestora cultural e investigadora independente da Rede de Estudos Medievais da USC. A súa área de investigación atinxe a iconografía, iconoloxía e a semiótica da imaxe no mundo medieval e a súa traxectoria profesional abrangue múltiples campos; todos eles relacionados coa investigación, a docencia, a xestión, a posta en valor, a accesibilidade e a divulgación do Patrimonio Cultural.

Participou e participa en diferentes proxectos de investigación e ten dirixido e participado - en calidade de comité científico ou relatora - en diversos congresos nacionais e internacionais, ademais de comisariar diferentes mostras expositivas.

## 800 ANOS DAS GIOCONDAS GALEGAS

Visita narrada a San Salvador de Vilar de Donas | Adultos

800 anos pasaron dende que unha man escribiu no lintel dunha porta dunha igrexa da Ulloa unha data. Este ano celebramos que a obra siga en pé.

Houbo naquel lugar unhas donas antigas que foron grandes señoras e deixáronlle en herdanza o nome ao Vilar, que en diante se chamou Vilar de Donas. Despois delas señorearon aquelas pedras os cabaleiros santiaguistas que viron pasar ao lonxe milleiros e milleiros de peregrinos camiño de Compostela. Alguén pintou nas paredes das ábsidas daquela igrexa a beleza dunhas donas ás que Cunqueiro descubriu como brancas camelias e como flores de lis.

De todo isto e máis falarán Carola Casal e Carme Varela en Vilar de Donas. Descubrídevos, volven as Donas do Vilar!

---

---

# ROTEIRO POLA ESCULTURA PÚBLICA DE FERROL

GUILLERMO LLORCA GALICIA



**Guillermo Llorca** foi profesor numerario de instituto ata a súa xubilación. A súa obra de investigación e divulgación está publicada en máis de trinta libros, de autoría individual e compartida, e en centos de artigos en numerosos xornais e revistas. En canto aos seus traballos como historiador céntranse, principalmente, en temas e persoeiros relacionados con Ferrol. Algúns deles foron merecedores de recoñecemento institucional: *Origen del Patronazgo de San Julián sobre la ciudad de Ferrol* (Premio de Investigación Ingeniero Comerma do Concello de Ferrol, en 1985) e *Los partidos políticos en Ferrol durante la II República* (Premio de Investigación Jaime Quintanilla Martínez do Concello de Ferrol, en 1986).

No campo da narrativa, a novela *Cuando estalló la noche. El enemigo no sospechaba*, foi finalista del Premio Literario Fernando Arenas Quintela 2021; e *La noche decisiva. El regreso de Margaret Laugton* foi gañadora del Premio Literario Fernando Arenas Quintela 2023.

No 2022 foi coordinador local da exposición *Cidades no Tempo: Ferrol*.

## ROTEIRO POLA ESCULTURA PÚBLICA DOS BARRIOS DA MAGDALENA E ESTEIRO DE FERROL

Iniciaremos o percorrido na confluencia do barrio primitivo de Ferrol Vello e da Magdalena para continuar ata o barrio de Esteiro. Ao longo dese traxecto imos comentar os bustos, fontes, estatuas e esculturas que nos falan de persoeiros singulares, do escudo heráldico da cidade, da conmemoración de certos acontecementos históricos. Falaremos ao mesmo tempo dos seus autores, das iniciativas municipais ou cidadáns que as promoveron, das razóns do seus emprazamentos e da evolución das características escultóricas dende mediados do século XVIII, cunha escultura de corte académico, ata a modernidade, na que veremos diferentes interpretacións das vangardas.

---

# UN PASEO POLA EVOLUCIÓN URBANA DE OURENSE

JOSÉ MARÍA EGUILETA GALICIA



**José María Eguileta Franco** é xefe do Departamento de Arqueoloxía do Concello de Ourense, vocal e poñente da súa Comisión Técnica Municipal para a Protección de Bens Culturais. É tamén Académico Numerario da Real Academia Galega de Bellas Artes e Xuiz Honorario do Couto Mixto. Graduouse en Prehistoria e Arqueoloxía na Universidade de Santiago de Compostela.

Centrou a súa investigación na Prehistoria Recente, dirixindo e codirixindo proxectos de investigación na Baixa Limia, escavando megalitos, poboados calcolíticos, ademais de xacementos medievais e galaico-romanos. Participou en proxectos universitarios de I+D das universidades de Santiago e Vigo. Publicou varios libros, entre eles, *A Baixa Limia Galega na Prehistoria Recente. Arqueoloxía dunha paisaxe da Galicia Interior*, *Mámoas y paisaje, muerte y vida en Val de Salas (Ourense)*. *El fenómeno megalítico en un valle de montaña*. Coordinou, entre outros, *Prehistoria del SW de la provincia de Ourense: del Paleolítico a los inicios de la Edad del Bronce*, *Aqva, Divi, Vrbs (Auga, Deuses e Cidade)*, sobre as recentes escavacións arqueolóxicas nas Burgas. Na actualidade está a centrar as súas investigacións na Arqueoloxía Urbana.

## UN PASEO POLA EVOLUCIÓN URBANA DE OURENSE | Adultos

A visita, cunha ruta organizada polas rúas e prazas da cidade histórica, intenta explicar a evolución da urbe dende o seu nacemento, na etapa romana altoimperial, ata a entrada na Idade Contemporánea.

---

# MANUEL GAGO

# GALICIA



FOTO: SOLE FELLOZA

**Manuel Gago** (Palmeira, Ribeira, 1976), é xornalista, escritor e comisario de exposicións. É director de [culturagalega.gal](http://culturagalega.gal), a plataforma de divulgación cultural do Consello da Cultura Galega e profesor na Facultade de CC. da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela. Os seus últimos libros son a novela Nus (Xerais, 2021) e O sangue das pantasma (Festival Atlántica e Librería Couceiro, 2020). A súa última exposición é Galicia, un relato no mundo (Museo Gaiás, 2019). No ámbito da divulgación científica e cultural mantén colaboracións radiofónicas na Radio Galega e columnas en La Voz de Galicia, El Progreso e Diario de Pontevedra e é membro dos grupos de investigación en Novos Medios da USC e Romanarmy.eu.

---

# PROGRAMA\*

+90 FUNCIONES  
45 PROPOSTAS  
50 ARTISTAS  
30 SEDES  
7 DÍAS  
2 PAÍSES  
3 LINGUAS

\*Programa suxeito a modificacións



## BRIÓN

14 a 20 de xuño | CEIP Pedrouzos

- 14 de xuño | 11.00 h | Cris Collazo | PEPA A LOBA
- 17 de xuño | 11.00 h | Vero Rilo | ELAS
- 18 de xuño | 11.00 h | Cris de Caldas | MENÚ MÁXICO DE CONTOS
- 19 de xuño | 11.00 h | Anxo Moure | CONTOS DENDE A FRAGA
- Xoves 20 de xuño | 11.00 h | Celso F. Sanmartín | CONTAR

20 de xuño | EEI Os Ánxeles | 10.00h | GRANDES ÉXITOS 2004-2024 | Caxoto (Galicia)

## VIGO

15 de xuño | 12.00 h | Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel  
PRENDE NO COLO | Luis Prego e Samuel Soto | 0 a 3 anos | Inscripción dende o día 10

22 de xuño | 12.00 h | Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel  
SON NO BERCE | Cris Collazo | 0 a 3 anos | Inscripción dende o día 17

## PAZOS DE BORBÉN

14 de xuño | 13.00 h | Auditorio do Concello  
CABICIVAI - OS CONTOS de Pablísimo | Para alumnado do CPI Curros Enríquez, EEI A Galeriña e ASPAVI

20 de xuño | 13.00 h | Auditorio do Concello  
UN SACO DE CONTOS- O PEIXE DE OURO E OUTRAS HISTORIAS | Fernando Saldaña (Salamanca) | Para alumnado do CPI Curros Enríquez e ASPAVI

## SANTIAGO DE COMPOSTELA

17 de xuño | 12.00 h | CPR San Pelayo - Emma  
GRANDES ÉXITOS 2004-2024 | Caxoto (Galicia)

20 de xuño | 10.00 h | EEI do Rial (Laraño)  
A MALETA DA AVOA | Raquel Queizás (Galicia)  
Escolas unitarias de Compostela (EEI Bispo Teodomiro, EEI do Gaioso, EEI do Rial)

21 de xuño | Hospital Clínico Universitario - Aula de Pediatría  
MAXIA | Fernando Saldaña (Salamanca) | Castelán

22 de xuño | 12.00 h | Biblioteca Pública Anxel Casal  
ROBINSÓN E O SEU LORO | Fernando Saldaña (Salamanca) | 3-5 anos | Castelán

## LUNS 1 DE XULLO

11.00 h - PRENDE NO COLO  
Luís Prego e Samuel Soto (Galicia)  
CSC Maruxa e Coralia (salón)  
Bebés de 12 meses a 3 anos | Galego

12.00 h - A MALETA DA AVOA  
Raquel Queizás (Galicia)  
Xardíns do CSC Maruxa e Coralia  
Público infantil e familiar (+3 anos) | Galego

21.00 h - PISANDO EL LLANO  
Jaime Santos - La Chana Teatro (Salamanca)  
Xardíns do CSC Maruxa e Coralia  
Adultos | Castelán

## MARTES 2 DE XULLO

12.00 h - A GRANDEZA DO PEQUENO  
Iseo Agilda (Galicia)  
CSC Santa Marta  
Rapazada do campamento e público xeral (+4 anos) | Galego

12.00 h - CONTOS DE SAPOS, BRUXAS E CURUXAS  
Paula Carballeira (Galicia)  
Xardíns CSC Maruxa e Coralia  
Público familiar (+5 anos) | Galego

19.00 h - BLANCANIEVES (Premio Max 2023 Mellor espectáculo infantil, xuvenil e familiar)  
Jaime Santos - La Chana Teatro (Salamanca)  
Teatro Principal  
Público familiar (+5 anos) | Castelán

21.00 h - CAMIÑOS DE MAR, TERRA E VENTO  
Paula Carballeira (Galicia)  
Xardíns CSC Maruxa e Coralia  
Adultos | Galego

## MÉRCORES 3 DE XULLO

11.00 h - MEMORIA E RELATO DOS OBXECTOS | Obradoiro de memoria  
Alba Grande (Galicia)  
CSC da Almaciga  
Adultos | Galego

12.00 h - COMERÁ O BEBÉ?

Cris de Caldas e Xabi do Camiño (Galicia)

CSC Maruxa e Coralia

Bebés de 12 meses a 3 anos | Galego

21.00 h - CONTOS, CANTOS E OUTROS TANTOS

Ana Sofía Paiva (Portugal)

Xardíns do CSC Maruxa e Coralia

Adultos | Portugués

## XOVES 4 DE XULLO

11.30 h - A PRINCESA ANZÚ E OS CATRO IRMÁNS NINJA

Yoshi Hioki (Xapón)

CSC Fontiñas

Público familiar (+5 anos) | Castelán

12.00 h - BURROMAQUIA

Inacio Vilariño

CSC A Gracia

Público infantil e familiar (+4 anos) | Galego

21.00 h - CONTOS DE XAPÓN

Yoshi Hioki (Xapón)

Xardíns do CSC Maruxa e Coralia

Adultos | Castelán

## VENRES 5 DE XULLO

12.00 h - E A TI QUE CHE CONTABAN?

Vero Rilo (Galicia)

CSC Aurelio Aguirre

Rapazada do campamento e público xeral (+8 anos)

12.00 h - XELA A SÚPER HEROÍNA DE ALDEA

Inma Soto (Galicia)

CSC Figueiras

Rapazada do campamento e público xeral (+4 anos) | Galego

12.00 h - CABICIVAÍ

Pablísimo (Galicia)

CSC Nemenzo

Rapazada do campamento e público xeral (+4 anos) | Galego

21.00 h - CONTOS DE REVOLUCIÓN: ENTRE BRASSENS E NEIRA VILAS

Dani Blanco e Zé Pumar (Galicia)

Xardíns do CSC Maruxa e Coralia

Adultos | Narración en galego e música en francés

## SÁBADO 6 DE XULLO

12.00 h - C@NTO CONTIGO

Paco Nogueiras (Galicia)

Museo do Pobo Galego

Público infantil e familiar (+3 anos) | Galego

21.00 h - PATIOS DE LUZ

Su Garrido Pombo (Galicia)

Público adulto | Galego

Esplanada da Colexiata de Sar

## RUEIROS [DATAS POR CONFIRMAR]

- Ruta en bicicleta polos castros de Compostela. Colabora A Gentalha do Pichel.
- Roteiro nocturno para visitar petróglifos na Devesa da rula. Colabora Colectivo A Rula.

---

## A CORUÑA

Mércores 3 de xullo

12.00 h - ONDE LATEXA O CORAZÓN

Ramiro Neira (Galicia)

Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés

Público infantil e familiar (+ 3 anos)

## ALFOZ

Venres 5 de xullo

21.00 h - IDA E VOLTA

En branca e negra [Cris de Caldas (Galicia) e Amor Herrera (Cuba)]

Castelo de Castrodoiro

Sábado 6 de xullo

21.00 h - HISTORIAS DE FILANDAR

José Luis Gutiérrez Don Guti (Zamora)

Castelo de Castrodoiro

## BETANZOS

Venres 5 de xullo

21.00 h - VICIO HOUBO SEMPRE

Atenea García (Galicia)

Claustro de Santo Domingo

## CUNTIS

Venres 5 de xullo

20.00 h - CABICIVAI

Pablísimo (Galicia)

Fundación Terra Termarun Castrolandín

Público familiar (+ 4 anos) | Galego

## CALDAS DE REIS

Mércores 3 de xullo

21.00 h - LENDAS SUBURBANAS

Quico Cadaval (Galicia)

Parque-Xardín Botánico de Caldas de Reis (Malecón)

Xoves 4 de xullo

11.00 h - VULGARCITO

Jaime de la Chana (Salamanca)

Parque-Xardín Botánico de Caldas de Reis (Malecón)

## DODRO

Venres 5 de xullo

21.00 h - HISTORIAS DE FILANDAR

José Luis Gutiérrez Don Guti (Zamora)

O Pozo do Conxeiro en Eiró

---

---

### Sábado 6 de xullo

21.00 h - COMO CEREIXAS

Ana Sofía Paiva (Portugal) e Charo Pita (Galicia)

Praza do Peixe de Lestrobe

### FERROL

#### Xoves 4 de xullo

12.00 h - XOGOS MUSICAIS

Luís Prego e Samuel Soto (Galicia)

Biblioteca Municipal- Inscrición previa: web da Biblioteca

Público familiar (+ 4 anos) | Galego

19.30 h - ROTEIRO POLA ESCULTURA URBANA DA CIDADE

Guillermo Llorca (Galicia)

Saída da Biblioteca Municipal

Inscrición previa 981 94 41 82 (Aforo limitado- 30 pax)

Público adulto (galego)

21.00 h - CONTOS, CANTOS

Ana Sofía Paiva (Portugal)

Parque Raíña Sofía | Entrada libre

Adultos | Portugués

#### Venres 5 de xullo

12.00 h - BURROMAQUIA

Inacio Vilariño (Galicia)

Biblioteca Municipal | Inscrición previa: web da Biblioteca

19.30 h - ROTEIRO

Esperanza Piñeiro de San Miguel (Galicia)

Saída da Biblioteca Municipal

Inscricións: 981 94 41 82

Público adulto | Galego

21.00 h - TRALALAREIRA

Vero Rilo e Santi Cribeiro (Galicia)

Parque Raíña Sofía | Entrada libre

Público adulto | Galego

#### Sábado 6 de xullo

12.00 h - MARES DE CONTOS

Raquel Queizás (Galicia)

Parque Raíña Sofía | Entrada libre

Público familiar (+ 3 anos) | Galego

21.00 h - UNHA CHEA DE CONTOS

Avelino González (Galicia)

Parque Raíña Sofía

Adultos | Galego

---

---

## MUGARDOS

Xoves 4 de xullo

21.00 h - DO MONTE AO MAR TODO É CONTAR

Celso F. Sanmartín (Galicia)

Centro de Interpretación de Caldoval

Adultos | Galego

Venres 5 de xullo

21.00 h - CONTOS DE XAPÓN

Yoshi Hioki (Xapón)

Centro de Interpretación de Caldoval

Adultos | Castelán

## TEO

Mércores 3 de xullo

12.00 h - CONTOS DE XAPÓN

Yoshi Hioki-Xapón

Parque dos Tilos

Campamento de verán e público aberto + 8 anos | En castelán | De balde

Xoves 4 de xullo

12.00 h - ELAS

Vero Rilo (Galicia)

Parque dos Tilos

Campamento de verán e público aberto de 3 a 8 anos | En galego | De balde

Colabora Asociación ARC Os Tilos

Venres 5 de xullo

21.30 h - CONTAR PARA VIVILO

Cándido Pazó (Galicia)

Antiga Escola de Nenas de Agoso-Oza

Público adulto. En galego

Sábado 6 de xullo

21.00 h - MARCHO QUE TEÑO QUE MARCHAR

Bea Campos- (Galicia)

Parque infantil Carballeira de Cornide

Público adulto | En galego

## OURENSE

Mércores 3 de xullo

11.00 h - UN PASEO POLA EVOLUCIÓN URBANA DE OURENSE

José María Eguileta (Galicia)

Biblioteca Pública de Ourense Nós

Rueiro para adultos | Galego

Inscripción previa 988 78 83 85 - Prazas limitadas

---

---

Xoves 4 de xullo

11.00 h - AS AVENTURAS DE MARIÑA

Alba Bermúdez (Galicia)

Público familiar (+ 4 anos) | Galego

## OUTES

Sábado 6 de xullo

20.30 h - CONTOS DE XAPÓN

Yoshi Hioki (Xapón)

Espazo Museístico da Carpintaría de ribeira en Broña (Outes)

Adultos | Castelán

Sábado 13 de xullo

20.30 h - IDA E VOLTA

En branca e negra [Cris de Caldas (Galicia) e Amor Herrera (Cuba)]

Terraza do Náutico no Freixo

Adultos | Galego

## PALAS DE REI

Sábado 6 de xullo

10.00 h - 800 ANOS DAS GIOCONDAS GALEGAS

Carme Varela e Carola Casal (Galicia)

Visita narrada a San Salvador de Vilar de Donas

Adultos | Galego

21.00 h - MIÑAS DONAS, MEUS SEÑORES... UN CONTO OU MÁIS

Celso Fernández Sanmartín (Galicia)

## A POBRA DO CARAMIÑAL

Venres 5 de xullo

21.00 h - PATIOS DE LUZ

Su Garrido Pombo (Galicia)

Xardíns do Pazo do Couto entrada pola fonte do Castelo

Adultos | Galego

Sábado 6 de xullo

21.30 h - IDA E VOLTA

En branca e negra [Cris de Caldas (Galicia) e Amor Herrera (Cuba)]

Adultos | Galego

O Cantón da Leña

Adultos | Galego e castelán

## RIBEIRA

Venres 5 de xullo

21.00 h - Á VOLTAS DOS CONTOS

María da Pontragha (Galicia)

Lavadoiro de Penisqueira

Adultos | Galego

---



---

Sábado 6 de xullo

21.00 h - CONTOS DE REVOLUCIÓN ENTRE BRASSENS E NEIRA VILAS

Dani Blanco (Galicia) e Zé Pumar (Galicia)

Miradoiro da Pedra da Rá

Adultos | Narración en galego e música en francés

## **SANXENXO**

Venres 5 de xullo

21.30 h - SON ANIMAL

Paco Nogueiras (Galicia)

Casa Mariñeira do Fernando

Publico infantil e familiar (+3 anos) | Galego

## **VILALBA**

Xoves 4 de xullo

20.30 h - HISTORIAS DE FILANDAR

José Luis Gutiérrez Don Guti (Zamora)

Torre dos Andrade - Parador de Vilalba

Adultos | Castelán

Sábado 6 de xullo

21.00 h - AUTOESTRADAS E CORREDOIRAS

Quico Cadaval (Galicia)

Escola Habanera da Liga Santaballesa (Santaballa-Vilalba)

Adultos | Galego

---

PORTUGAL





VITOR  
FERNÁNDEZ  
PORTUGAL



CLAUDIA  
FONSECA  
BRASIL

**5** ARTISTAS  
SEDES  
**13** FUNCIONES



SOFÍA  
MAUL  
PORTUGAL



ESTEFÂNIA  
SURREIRA  
PORTUGAL



QUICO  
CADAVAL  
GALICIA

### 1 DE JULHO | LOBIOS (GALIZA)

18.00 h | SESSÃO NARRAÇÃO ORAL | Vitor Fernández

### 2 DE JULHO | VILA NOVA (FREGUESIA DE FERRAL, MUNICÍPIO DE MONTALEGRE)

18.00 h | PASSEIO HISTÓRICO COM JORGE LEAL (Associação Povo e Natureza do Barroso) | Estefânia Surreira

21.00 h | SESSÃO NARRAÇÃO ORAL | Estefânia Surreira

### 3 DE JULHO | PARADELA DO RIO (MUNICÍPIO DE MONTALEGRE)

18.00 h | PASSEIO HISTÓRICO COM MARIA DE CARVALHO (Associação A Acendalha) | Sofia Maul

21.00 h | SESSÃO NARRAÇÃO ORAL | Sofia Maul

### 4 DE JULHO | FAFIÃO (FREGUESIA DE CABRIL, MUNICÍPIO DE MONTALEGRE)

17.00 h | PASSEIO HISTÓRICO COM JÚLIO (Associação A Vezeira) | Sofia Maul

18.00 h | SESSÃO NARRAÇÃO ORAL (sessão para crianças) | Sofia Maul

### 5 DE JULHO | CAMPO DO GERÊS (MUNICÍPIO DE TERRAS DE BOURO)

18.00 h | PASSEIO HISTÓRICO COM JOSÉ CARLOS PIRES (Associação de Compartes do Monte do Campo do Gerês) | Quico Cadaval

21.00 h | SESSÃO NARRAÇÃO ORAL | Quico Cadaval

### 6 DE JULHO | PITÕES DAS JÚNIAS (MUNICÍPIO DE MONTALEGRE)

17.00 h | PASSEIO HISTÓRICO COM LÚCIA (Associação de Desenvolvimento de Pitões das Júnias) | Claudia Fonseca

18.00 h | SESSÃO NARRAÇÃO ORAL (sessão para crianças) | Claudia Fonseca

### 7 DE JULHO | MEAUS (FREGUESIA/PARÓQUIA DE TOSENDE, MUNICÍPIO DE BALTAR (GALIZA))

17.00 h | PASSEIO HISTÓRICO COM LÚCIA (Associação de Desenvolvimento de Pitões das Júnias) | Claudia Fonseca

18.00 h | SESSÃO NARRAÇÃO ORAL | Claudia Fonseca



# EQUIPO

**DIRECCIÓN ARTÍSTICA**  
SOLEDAD FELLOZA

**PROMOVE**  
FESTIVAL ATLÁNTICA

**COORDINACIÓN E PRODUCCIÓN**  
SOLEDAD FELLOZA, ORZO ABRUNHEIRAS, TATI GARCÍA

**GABINETE ECONÓMICO**  
ECOBURÓ DE XESTIÓN

**IMAXE, DESEÑO GRÁFICO E MAQUETACIÓN**  
RAQUEL BOO

**DESEÑO E DESENVOLVEMENTO WEB**  
ÁLEX BRAGAÑA

**COMUNICACIÓN E PRENSA**  
BEATRIZ PÉREZ

**DOCUMENTACIÓN**  
M. GAGO

**INTERPRETACIÓN EN LINGUA DE SIGNOS**  
EN LINGUA DE SIGNOS

**ASESORÍA LINGÜÍSTICA**  
PILAR CORRAL, MARÍA UZAL

**FOTOGRAFÍA E VÍDEO**  
XAIME CORTIZO, MIGUEL MUÑIZ, ADRIÁN GONZÁLEZ LÓPEZ, ELENA CERVIÑO

**COORDINACIÓN CENTROS DE ENSINO**  
FESTIVAL ATLÁNTICA

**CORNAMUSA DO FESTIVAL**  
OBRA DE MARCELO SCAPINAKIS- TALLER ESQUINA ATLÁNTICA

**VOLUNTARIADO**  
ELE BREA, MARÍA UZAL, MON SERODIO E TODA A XENTE  
DAS ASOCIACIÓNS CULTURAI S E PATRIMONIAIS QUE NAVEGAN CONNOSCO



# CONTACTO

**SOLEDAD FELLOZA**

**635 95 28 20**


**FESTIVALATLANTICA@GMAIL.COM**

**FESTIVALATLANTICA.GAL**

**FACEBOOK.COM/FESTIVALATLANTICA**

**X.COM/FESTATLANTICA**

**INSTAGRAM.COM/FESTATLANTICA**



## FINANCIAN



## PATROCINAN



## COLABORAN

Asociación Amigos dos Castros (Cuntis)  
Asociación ARC (Os Tilos)  
ASANOG- Asociación de ayuda a niños oncológicos de Galicia (Pediatría CHUS)  
Associação Cultural A Gentalha do Pichel  
Asociación Cultural O Galo  
Asociación Liga Santaballea  
Asociación O Sorriso de Daniel  
Asociación Mariña Patrimonio  
Asociación Veciñal de Canido  
Asociación Cultural Apelón  
Associação Para o Desenvolvemento de Pitões (APDP)  
Associação Povo e Natureza do Barroso  
Associação Cultural Rural Vivo  
Biblioteca Municipal de Ferrol  
Biblioteca Pública Nós (Ourense)  
Biblioteca Pública Ánxe Casal (Santiago)  
Biblioteca Pública Juan Compañel (Vigo)  
Biblioteca Pública Miguel González Garcés (A Coruña)  
Centro de Interpretación de Caldoval

Centro Xove da Almáciga  
Concello de Betanzos  
Concello de Palas de Rei  
Concello de Rois  
Campo do Gerês / Fafião / Parada do Rio Pitões das Júnias / Vila Nova (Portugal)  
Colectivo A Rula  
Dinahosting  
Ecoburó de Xestión  
Esquina Atlántica  
Fundación Terra Termarun Castrolandín (Cuntis)  
Museo do Pobo Galego  
O Sorriso de Daniel  
Obispado de Santiago de Compostela  
Obispado de Lugo  
Parador de Vilalba  
Proxecto en Lingua de Signos  
Proxecto Baixo Ulla (Dodro e Padrón)  
Rede de Centros Socioculturais de Santiago de Compostela  
SELIC- O Festival para ler  
Seminario de Estudos Ulloáns